



ANUNCIO DE LICITACIÓN.

O Concello de Porto do Son convoca licitación pública para adxudicar o contrato "Mellora das instalacións de abastecemento de auga: bombeo da Igrexa".

1.- Poder adxudicador.

- a) Organismo: Concello de Porto do Son.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría do concello.
- c) Obtención de documentación e información: Secretaría do Concello de Porto do Son: R/ Atalaia, s/n – 15970 Porto do Son (A Coruña). Teléfono: 981 86 74 12. Fax: 981 76 73 58. Perfil do contratante <http://www.portodoson.gal/>. Data límite de obtención de documentación e información: día anterior ao de remate do prazo de presentación de proposicións.

2.- Obxecto do contrato.

- a) Tipo: contrato administrativo de obra.
- b) Descrición: execución do proxecto "Mellora das instalacións de abastecemento de auga: bombeo da Igrexa".
- c) División por lotes: non.
- d) Lugar de execución: Porto do Son.
- e) Execución e entrega: 1.- Prazo de execución: ata o 15/11/2017; 2.- Prórroga: non.
- f) CPV: 50510000-3 – Servizos de reparación e mantemento de bombas, válvulas, billas e contedores de metal.

3.- Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: negociado sen publicidade con multiplicidade de criterios de valoración.
- c) Pregos: 1.- Prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por decreto da Alcaldía nº 528/2017; 2.- Prego de prescricións técnicas particulares: proxecto de obra.
- d) Criterios de adxudicación: 1.- Melloras (15 puntos); 2.- Redución do prazo de execución (10 puntos); 3.- Prezo (5 puntos).

4.- Orzamento:

- a) Orzamento base de licitación: 63.311,25 euros (52.323,35 € importe neto+ 10.987,90 € IVE).
- b) Valor estimado: 57.555,69 euros.

5.- Garantías.

- a) provisional: non.
- b) definitiva: 5% do importe de adxudicación excluído o IVE.

6.- Requisitos específicos do contratista.

- a) Clasificación: non se esixe.
- b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: cláusula 21.4 do prego de cláusulas administrativas.

7.- Presentación de ofertas:

- a) Prazo: 5 días naturais desde o seguinte á recepción da invitación ou da publicación deste anuncio no perfil do contratante.
- b) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son.
- c) Documentación a presentar: cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

8.- Apertura de proposicións: día hábil seguinte ao de remate do prazo de presentación de ofertas.

9.- Custos de publicidade: exento.

10.- Revisión de prezos: non.



Porto do Son, 16 de agosto de 2017.

O Alcalde- Presidente,
Asdo. José Luis Oujo Pouso.